

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I22L	<i>Expediente</i> CON/33/2016	<i>Fecha</i> 28-11-16 08:43

Número 91 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación das obras do proxecto de ampliación da rede de abastecemento en Sionlla de Abaixo, incluído na 4ª fase do Plan de Acción Social (PAS).

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 25 de novembro de 2016 , previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 91 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN SIONLLA DE ABAIXO, INCLUÍDO NA 4ª FASE DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS).**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 22 de novembro de 2016, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, nº 2016/756 de data 24.11.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

**"Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Execución das obras do proxecto de ampliación da rede de abastecemento en Sionlla de Abaixo (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS))", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art.. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I22L	<i>Expediente</i> CON/33/2016	<i>Fecha</i> 28-11-16 08:43

Primeiro: Con data 15 de novembro de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas e a do licitador ESPINA Y DELFIN SL.

Segundo: Con data 22 de novembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL SL, ESPINA OBRAS HIDRAULICAS SA e CONSTRUCCIONES OÑIAL, SL por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **ESPINA Y DELFIN SL** (CIF: B15026693), por un importe de **24.466,90 euros** (IVE aparte 21%: 5.138,05 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 45400 60900**, finalizándose os traballos antes do 31 de decembro de 2016."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL SL, ESPINA OBRAS HIDRAULICAS SA e CONSTRUCCIONES OÑIAL, SL por non xustificar debidamente a

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I22L	<i>Expediente</i> CON/33/2016	<i>Fecha</i> 28-11-16 08:43

consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de "Execución das obras do Proxecto de ampliación da rede de abastecemento en Sionlla de Abaixo (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS))" a favor da empresa **ESPINA Y DELFIN SL** (CIF: B15026693), por un importe de **24.466,90 euros**, (IVE aparte 21%: 5.138,05 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 45400 60900**, finalizándose os traballos antes do 31 de decembro de 2016.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xar Xesús Duro Fernández